



NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE COMUNICACIÓNS

1. As comunicacións terán unha extensión máxima de 15 páxinas en formato DIN A4, numeradas, coas marxes en 2.5cm, mecanografadas a dobre espazo, en Arial (tamaño 12), nas que se incluírán gráficos, cadros e bibliografía. As fotografías, deseños, mapas... irán no corpo do texto, debidamente referidas ao pé dos mesmos.
2. Cada traballo debe ir acompañado dunha páxina a modo de portada que conteña o título do traballo e nome do autor/a, así como a institución de procedencia. Acompañarase dunha segunda páxina que incluírá os datos anteriores e un resumo (10 liñas) que reflecta con calidade os obxectivos, contidos e resultados do traballo. Seguirá un parágrafo que conteña un máximo de 5 palabras clave. Logo seguirá un índice no que necesariamente se incluírán introdución, conclusións e bibliografía.
3. Para as referencias bibliográficas os autores mencionarán en texto o APELIDO do autor en MAIÚSCULAS, data e páxina, con remisión a unha bibliografía final das obras citadas, sexan libros (BROOK, 1993: 32), ou publicacións periódicas (PÉREZ RASILLA, 2001: 45)

BROOK, Peter (1993): *There are no secrets*, London, Methuen Books.

PÉREZ RASILLA, Eduardo (2001): "Somos tan malos os críticos?". En *Revista Galega de Teatro*, número 28, Cangas do Morrazo, Entre Bambalinas, pp: 44-46.

4. No caso de textos publicados con anterioridade á edición manexada polo autor ou autora do traballo, a data inicial de edición, se fose importante ou se considerase necesario, pódese indicar con corchetes: (BROOK [1993] 1995: 15).
5. Os autores e autoras poden utilizar notas a rodapé en función das necesidades de exposición, pero as referencias bibliográficas seguirán sempre a norma anterior, incluíndo o APELIDO ou APELIDOS do autor, ano de publicación da obra e páxina ou páxinas se fose o caso. No caso de varios traballos publicados nun mesmo ano, utilizaranse letras para diferenciarlos (BROOK, 1993a, 1993b, 1993c). Na Bibliografía final tamén se incluírá a mesma letra, e sempre, en todos os casos, se comezará a referencia cos apelidos en maiúscula do autor e o seu nome:

BROOK, Peter (1993a)

BROOK, Peter (1993b)

6. As citas textuais que non superen as tres liñas serán incluídas no corpo central do texto, precedidas da referencia bibliográfica correspondente (BROOK, 1993: 12). As restantes irán nun corpo máis pequeno (tamaño 11) con sangrado, precedidas igualmente da referencia bibliográfica (BROOK, 1993: 12-13). Nos dous casos utilizaranse comiñas dobres (" ") para abrir e pechar a cita.
7. A terminoloxía noutras linguas, a que se quere resaltar especialmente, ou aqueles sintagmas, frases ou parágrafos, que se queiran subliñar, debe aparecer en cursiva.